

Acenos de Putin

Description

Exerce oficialmente como presidente da Federación Rusa dende o pasado día oito e seguimos sen coñecer o seu programa político. Pouco importa, gañou as presidenciais sen el. Na política rusa, e non só nela, os programas son o de menos.

Para saber por onde vai temos que fixarnos nos xestos: toma de posesión napoleónica, goberno de carácter técnico, asalto ás sedes do medios de comunicación opositores, nova organización de dubidosa constitucionalidade. ¡E só nunha semana!

Como nos tempos soviéticos, cando se adivinaba a influencia dos dirixentes segundo o lugar que ocupaban na presidencia das celebracións do 1º de Maio, Putin asumiu formalmente a presidencia nun acto no que expresou as súas intencións na posta en escena. Desfiles militares con soldados engalanados con traxes imperiais que saudaban ao berro de "camarada presidente"; arroupado polas autoridades federais e polo anterior presidente, ausencia de mandatarios estranxeiros, o patriarca ortodoxo en segundo plano, Gorbachov convidado e un discurso con constantes referencias á democracia, a avanzar nas reformas e a unha Rusia libre, forte, rica, civilizada e respectada no mundo da que os seus cidadáns se sintan orgullosos.

Despois veu a formación do goberno e o nomeamento de Primeiro Ministro. En contraste co barulleiro Ieltsin, a discreción de Putin é excesiva. Nomeou a quen se esperaba, un home da súa idade e carácter. Kasiánov, enxeñeiro e economista, especialista en finanzas, coñecido nas institucións económicas internacionais, con boas relacións cos oligarcas, é pouco político. O goberno terá pois un perfil técnico. As decisións tomaranse no Kremlin.

Catro días despois, ao tempo que conseguía un éxito diplomático ao desestimar o comité de ministros do Consello de Europa a solicitude de expulsión de Rusia deste organismo pola súa actuación en Chechenia, asestáballe un duro golpe ao grupo Most, dirixido polo oligarca Vladimir Gusinski. A intervención de axentes, da fiscalía xeral e dos servicios secretos (FSB), fortemente armados causou estupor en moitos medios. O motivo, as actividades ilegais do servicio de seguridade do grupo Most. A realidade, un pouco de vinganza e a posible desfeita financeira da banca Most en torno á que Gusinski ergueu un imperio mediático: a cadea privada NTV, o xornal Segodnia e a cadea de radio Eco de Moscova. Gusinski, un dos oligarcas que acudiu ao chamado de Berezovski para salvar a Ieltsin nas presidenciais de 1996, enfrontado posteriormente coa "Familia", apoiou abertamente ao dúo Luxkov-Primakov nas pasadas lexislativas e nas presidenciais converteuse no principal opositor a Putin. Agora pásanlle factura.

Finalmente o pasado sábado Putin asinou un "kase", primeiro dunha posible reforma administrativa e territorial, que permitirá exercer un maior control dende o Kremlin das repúblicas e rexións. A Federación Rusa está composta por 89 suxeitos (21 repúblicas, 6 territorios, 49 rexións, 1 rexión autónoma e 10 distritos) que agora serán agrupados en sete distritos federais cos seus respectivos centros, dotacións orzamentarias e representantes plenipotenciarios do presidente. Formalmente non se modifican a estrutura constitucional pero vai nesa dirección. A medida, dirixida a reducir no futuro os poderes territoriais, conta co apoio do PCFR.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Rusia ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Maio 16, 2000

Meta Fields

Autoria : 10663

Datapublicacion : 2000-05-16 00:00:00